

VII LETRAS GALEGAS 2023 PREMIO LITERARIO INFANTIL E XUVENIL DE NARRACIÓN CURTA "CARLOS CASARES"

Organiza:



Concello de Xinzo de Limia
Concellaría de Cultura e Mocidade

Colaboran:



C.E.I.P Carlos Casares
C.E.I.P Rosalía de Castro
I.E.S Cidade de Antioquia
I.E.S Lagoa de Antela
Centros escolares da Limia

BASES

O Concello de Xinzo de Limia, co gallo da celebración das Letras Galegas 2023, convoca a sétima edición do Premio Literario de NARRATIVA CURTA en galego:

VII Concurso literario infantil e xuvenil de narración curta “CARLOS CASARES” – Letras Galegas 2023 – Concello de Xinzo de Limia

A Concellaría de Cultura e Mocidade fai públicas estas BASES polas que se rexerá este premio dedicado ao escritor limiao que dá nome ao concurso literario, **Carlos Casares Mouriño (1941-2002)**.

Primeira

Poderán concorrer ao certame os/as nenos/as e mozos/as que presenten, en prazo e forma, **un relato escrito inédito, da súa autoría, redactado en lingua galega**.

Formato: DIN A4 por unha cara, en tipoloxía Times New Roman 12 ou Arial 12; entreliñado de 1,5, nos escritos realizados con ordenador. Admítense tamén obras manuscritas con presentación clara.

Tipoloxía das obras:

Categoría “**Infantil**”: Debuxo simple nunha páxina.

Categoría “**Primaria**”:

- 1º/2º: 1 páxina texto breve+debuxo
- 3º/4º: 1 páxina texto
- 5º/6º: 2 páxinas texto

Categoría “**Secundaria**”:

- 1º/2º: 3 páxinas texto
- 3º/4º: 4 páxinas texto
- **Bacharelato+** : 5 páxinas texto

Segunda

A temática é **libre**.

Terceira

Establécense sete (7) categorías para os/as participantes:

- Infantil (1)
- Primaria (3): 1º/2º - 3º/4º - 5º/6º
- Secundaria (2): 1º/2º - 3º/4º
- Bacharelato en diante (1)

Cuarta

Outorgaranse dous premios (1º e 2º) en cada unha das categorías,

consistentes en **vales para mercar libros e material escolar nas librarías de Xinzo de Limia**, polos seguintes importes:

- Infantil: **100€ e 50€**
- Primaria: **150€ e 75€** (en cada categoría).
- Secundaria: **200€ e 125€** (en cada categoría).
- Bacharelato+: **300€ e 150€**.

Ademais todas/os premiadas/os en todas as categorías recibirán **un diploma acreditativo**, outorgado polo Concello de Xinzo de Limia.

IMPORTANTE: As persoas premiadas deberán canxear os VALES antes do mes de decembro do 2023.

Quinta

Os traballos poderán ser entregados, en formato físico, na Casa da Cultura ou nos centros escolares I.E.S. e C.E.I.P. de Xinzo de Limia. Neste caso deberán vir nun sobre grande no que figure por fóra só o título da obra. No seu interior, ademais do **texto orixinal**, deberá aparecer outro **sobre pequeno pechado** que conterá así mesmo o título da obra e os datos do autor ou autora: **nome e apelidos, idade, centro de ensinanza, curso e teléfono ou mail de contacto**.

Serán nulos os traballos que leven á vista o nome do autor/a.

Tamén poderán ser enviados ao enderezo de correo electrónico: **cultura@xinzo.gal**, en calquera dos formatos de texto habituais.

No mail incluírase o título da obra e os datos do autor ou autora: **nome e apelidos, idade, centro de ensinanza, curso e teléfono ou mail de contacto**.

O prazo de presentación rematará ás **14:00h do venres, 5 de maio de 2023**.

Sexta

O fallo do xurado farase público o 17 de Maio, Día das Letras Galegas 2023.

Anunciaranse coa debida antelación, en especial aos/ás gañadores/as, o lugar, data e hora da entrega dos premios.

Sétima

O xurado estará composto por membros da Fundación Carlos Casares, escritores limiaos,

profesores/as e Literatura Galegas dos centros escolares de Xinzo e profesoras e técnicos de Cultura e Educación do Concello de Xinzo de Limia.

As obras que non acaden o número de páxinas requiridas ou que non respondan ás características de relato curto, en galego, serán rexeitas e non valoradas.

Os/as premiados/as sairán da suma das puntuacións outorgadas por cada membro do xurado en cada categoría. Levantarase acta do fallo e a decisión será inapelábel.

Os premios poderán quedar desertos, en calquera das categorías, se o xurado estima que, segundo os seus criterios de valoración literarios e/ou lingüísticos, ningunha das obras presentadas merece ser premiada.

O xurado poderá galardonar “ex aequo” a dúas obras que considere igualmente merecedoras do premio. Nese caso, repartiríase o importe correspondente a partes iguais.

Oitava

Publicaranse na web e nas redes sociais do Concello todos os traballos premiados, así como os nomes dos/as autores/as.

Os/as autores/as, mediante a aceptación destas bases e a súa participación no concurso, dan o seu consentimento para a publicación das súas obras e ceden todos os dereitos de reprodución por calquera sistema, distribución en calquera formato e comunicación pública a través de sistemas físicos, telemáticos e dixitais.

Novena

A participación neste concurso supón a plena aceptación destas bases.

Calquera circunstancia non prevista nas presentes bases será resolta pola Concellaría de Cultura xunto cos propios membros do xurado.

Non se devolverán os traballos presentados, que quedarán depositados no **arquivo municipal dos Premios Literarios “Carlos Casares”**.

Xinzo de Limia, a 14 de abril de 2023